# OS SISTEMAS DE GOBERNO ROMANOS

**O estudo da Historia de Roma toma como referencia precisamente as tres formas de goberno que tivo a cidade (e o imperio que conquistou):**

**-Monarquía (753-509 a.C.)**

**-República (509-27 a.C.)**

**- Imperio (27 a.C.-476 d.C.)**






El Imperio Romano bajo el poder de Trajano - 98-117 d. de C.

# A MONARQUÍA ROMANA

## REI

**Xefatura do Exército**

**Autoridade relixiosa**

## SENADO

**(Xefes das familias patricias, ata un número de 300)**

**Asesoramento ó Rei**

**Ratificación dos actos dos COMITIA CVRIATA**

**propón**

**elixen**

## COMITIA CVRIATA **ou Asemblea de cidadáns (formada só por patricios: 3 tribos, 30 curias, 300 *gentes*)**

**Ratificación das leis**

**Poder xudicial (apelación)**

**Decide sobre a guerra e a paz**

Tarquinio o Soberbio, derradeiro rei





Rómulo (calquera dos dous), primeiro rei de Roma

En realidade, o primeiro réxime de Roma era unha oligarquía, pois só os patricios (nobreza terratenente) tiñan dereitos políticos: o rei era un deles, mais tratábase dun primeiro entre iguais.



Reunión dos *comitia curiata*

# A REPÚBLICA ROMANA



# MAXISTRATURAS EXTRAORDINARIAS

*SINE IMPERIO*
(QUINQUENAL)

CENSOR (2)

ELABORACIÓN DO CENSO, INCLUÍNDO A LISTA DE SENADORES

VIXILANCIA DOS COSTUMES

XESTIÓN DO PATRIMONIO DO ESTADO

ELIXEN

COMITIA CENTVRIATA

*SINE IMPERIO* (ANUAL)

TRIBUNO DA PLEBE (10)

DEREITO DE VETO A CALQUERA DECISIÓN DUN MAXISTRADO OU A UN DECRETO DO SENADO

ELIXEN

COMITIA TRIBVTA

*CVM IMPERIO*
(SEMESTRAL, NOMEADO POR UN CÓNSUL)

DITADOR (1)

CONCENTRACIÓN DO PODER XERAL PARA UN CASO DE EMERXENCIA

CAPACIDADE DE NOMEAR UN AXUDANTE (*MAGISTER EQVITVM*)

PROPÓN

SENADO

Reunión do Senado



Cónsul



Nos *comitia centuriata* os participantes ían como soldados



Logo da expulsión dos reis, os dereitos de cidadanía amplíanse ós plebeos: o grupo dirixente comprenderá agora tamén, ademais dos nobres propietarios, ós plebeos enriquecidos por diversas actividades comerciais e industriais. A pesar da existencia das maxistraturas, será o Senado o que concentre o auténtico poder: as primeiras tiñan unha duración temporal, mentres que a pertenza ó Senado era vitalicia.

# O IMPERIO ROMANO

## EMPERADOR

Poder lexislativo | Poder xudicial | Xefe do Exército | Facenda

**elixe e convoca** → 

### SENADO

Consello numicipal de Roma

**elixe** →

### MAXISTRADOS

(Función decorativa)

**nomea** →

### PREFECTOS

Do Pretorio (Garda Imperial)

Da *Annona* (abastecemento)

Dos Bombeiros

Da Cidade (Policía)

Das Provincias

### *CVRATORES*

Asuntos Exteriores

Facenda

Xustiza

Defensor do Pobo



Augusto, primeiro Emperador

Vítima dunhas institucións insuficientes para gobernar un amplo territorio, a República deriva en terribles guerras civís. Será Gaio Octavio, coñecido como Augusto, quen lles porá fin e establecerá un reparto de poder co Senado, a fin de contas nomeado por el. Pola súa banda, o Emperador nomeará unha serie de funcionarios que substituirán por completo as antigas maxistraturas.



O exército, auténtico árbitro do poder imperial